DEPUTACIÓN DE LUGO

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 8 DE FEBREIRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A LISTA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDAS, TRIBUNAL CUALIFICADOR E DATA PARA A REALIZACIÓN DA PROBA DE COÑECEMENTOS XERAIS E ESPECÍFICOS, PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.**

"Por Acordos da Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2018, apróbase a convocatoria e as bases específicas que rexerán o proceso ao obxecto de constituír unha listaxe de emprego temporal para a categoría de AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, ao obxecto de atender as necesidades temporais deste tipo de persoal nos supostos previstos no artigo 10.1 do Estatuto Básico do Empregado Público ou no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores (BOP número 290, de 20 de decembro de 2018) e corrección de erros Acordo da Xunta de Goberno de 28 de decembro de 2018 (BOP 007, de 9 de xaneiro de 2019).

Rematado o prazo de presentación de instancias, segundo o establecido nas Bases Xerais 6 e 7, que rexen o presente proceso selectivo (BOP número 289, de 17 de decembro de 2015), proponse á Presidencia en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que RESOLVA:

**1º.-** Aprobar a seguinte listaxe provisional de admitidos/as e excluídas ao proceso selectivo:

**A) ADMITIDOS/-AS:**

| NÚMERO | APELIDOS E NOME |
|---|---|
| 1 | BERMEJO CAÑAS, RUBÉN |
| 2 | CASTIÑEIRA MUIÑA, CÉSAR JOSÉ |
| 3 | CORREDORIA CEIDE, JESÚS FRANCISCO |
| 4 | ENCABO GONZÁLEZ, PABLO MARÍA |
| 5 | FLORES LAMAS, ENRIQUE |
| 6 | GÓMEZ CARBALLAL, DIEGO |
| 7 | GONZÁLEZ GONZÁLEZ, IVÁN |
| 8 | NÚÑEZ POL, JOSÉ MANUEL |
| 9 | OSINDE VÁZQUEZ, MÓNICA |
| 10 | OTERO DÍAZ, LARA |
| 11 | PRADO FANDIÑO, PAULA |
| 12 | VILELA GÓMEZ, VANESA |
| 13 | VILLAMOR CABADO, JOSÉ MANUEL |




| Código Seguro de Verificación | IV6SHTZ5D54SWTB6SVAQ6FHXIU | Fecha y Hora | 11/02/2019 11:35:09 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica | | |
| Firmado por | MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeralnull) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6SHTZ5D54SWTB6SVAQ6FHXIU | Página | 1/3 |

B) EXCLUÍDAS:

| APELIDOS E NOME | MOTIVO DA EXCLUSIÓN |
|---|---|
| GARCÍA FERNÁNDEZ, EVA | Non acreditar estar en posesión da titulación académica esixida ou equivalente (Base Específica 6) |
| GONZÁLEZ PIÑEIRO, NATALIA | |

2º.- Nomear aos membros do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

**PRESIDENTE/A:**
Titular: Don Manuel García Mel, Xefe Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.
Suplente: Dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa Servizo Fiscalización da Deputación de Lugo.

**VOGAIS:**
Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, Licenciado en Ciencias do Traballo, no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.
Suplente: Don Fernando Seijas Puga, Xefe Servizo Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

Titular: Don Manuel Ángel Jove Losada, Xefe Servizo Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.
Suplente: Dona Margarita Tarrio Álvarez, Técnica de Administración Xeral na Sección de Contratación do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Ferreiro Fernández, Tesoureiro da Deputación de Lugo.
Suplente: Dona Montserrat Conde López, Secretaria-Interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

**SECRETARIA/O:**
Titular: Dona María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación de Lugo.
Suplente: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario - Interventor, Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

3º.- Citar aos membros do tribunal para que comparezan o martes día 12 de febreiro de 2019 ás 9 horas no salón verde da Deputación de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar aos membros do tribunal e máis aos aspirantes para que comparezan o martes día 26 de febreiro de 2019 ás 9 horas, no Salón de Plenos da Deputación de Lugo, para a realización do primeiro exercicio da oposición.

Debido a urxencia da incorporación dos efectivos, o Tribunal poderá acordar celebrar o resto das probas sen realizar a citación aos aspirantes cun prazo de 48 h de antelación (base xeral 8).

Informar aos aspirantes que poderán vir provistos de textos legais dos cales se poderán servir para o desenvolvemento da proba práctica, admitiranse as súas versións consolidadas, aquelas nas cales figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples sempre que non inclúan ningunha outra información, comentario doutrinal ou referencia xurisprudencial. Así mesmo, estará expresamente prohibida a utilización de libros de consulta, temarios, informes ou ditames de calquera tipo.

O manexo de textos normativos distintos dos permitidos determinará a expulsión do/da aspirante.

5º.- Publicar a presente a resolución no Taboleiro de Edictos da Deputación Provincial e na páxina web www.deputacionlugo.org, apartado Emprego Público (RRHH).

O prazo de presentación de alegacións á lista provisional será de 2 días naturais a contar dende a publicación da presente resolución no Taboleiro de Anuncios desta Deputación Provincial.

De non existir alegacións á lista provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a listaxe definitiva os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes".

A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez





| Código Seguro de Verificación | IV6SHTZ5D54SWTB6SVAQ6FHXIU | Fecha y Hora | 11/02/2019 11:35:09 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica | | |
| Firmado por | MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeralnull) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6SHTZ5D54SWTB6SVAQ6FHXIU | Página | 3/3 |